

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 28 DE FEBREIRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Puente, Miguel	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Bermúdez Pérez, Silvia	Méndez Piñeiro, María Xosé
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Mariño, Ventura
Comesaña Abalde, Carlos	Polo Lima, María Soledad
Couto Pérez, José Manuel	Porteiro García, María Josefa
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier
Guerra Fernández, Javier Jorge	Vieitez Alonso, Henrique

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as doce horas e dez minutos do día vinteito de febreiro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno e maila Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (54).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

ANTECEDENTES.- Cumpríndose nestas datas o 50 aniversario da inauguración da antigamente chamada "Residencia Almirante Vierna", hoxendía "Complexo Hospitalario Xeral-Cíes", procede non demorar a convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno, por ser esixencia do Regulamento de Honras e Distincións, para a adopción do acordo de concesión de Medalla da Cidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase ratificar a urxencia da sesión.

2.- (55).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de febreiro de 2005, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe proposta:

"De conformidade coa documentación obrante no expediente, o actualmente chamado Complexo Hospitalario Xeral-Cíes cumpre este ano o 50 aniversario da súa andaina como primeiro centro hospitalario da cidade.

Inaugurado inicialmente baixo o nome de Residencia Almirante Vierna, abriu as portas á súa fecunda labor o día 17 de setembro de 1955. Nesta longa andaina e tránsito dos séculos XX e XXI é vivida testemuña no só do crecemento da asistencia sanitaria en Vigo e bisbarra, senón dos profundos avances da ciencia médica en todos os terreos.

Constituído como un dos iconos físicos da xeografía viguesa e obxecto do cariñoso nome de "El Piruli" nos primeiros anos, foi sen dúbida a primeira gran estrutura sanitaria de Galicia, verdadeiro recoñecemento ao desenvolvemento crecente e puxante desta cidade.

Os necesarios cambios debidos á ciencia médica e aos novos e contínuos problemas que presentaba unha poboación anualmente incrementada, obrigaron a profundos cambios estruturais externos e internos desta institución que en ningún momento detivo a súa importantísima actividade.

Varias xeracións tanto de equipos médicos como de pacientes teñen oportuno reflexo nun libro recentemente publicado. Esta institución hospitalaria que iniciou a súa andaina con 215 traballadores e 38 médicos é atendido hoxe no chamado Complexo Hospitalario Xeral Cíes por 2.400 traballadores e 457 médicos, constituíndose no chamado actualmente Complexo Hospitalario Universitario de Vigo do que forman parte, o Hospital Xeral, o Hospital Meixoeiro, o Policlínico Cíes, o Hospital Psiquiátrico O Rebullón, o Hospital Nicolás Peña e os centros de especialidades da Doblada e Coia.

Estes 50 anos de servizo á comunidade, constitúen o máis importante bagaxe demostrativo da importancia desta entidade; entre os seus traballadores foron Vigueses Distinguidos o Dr. Sierra, a Dra. Socorro Ocampo e Dolores Cordobés e medalla ao mérito sanitario de Galicia o Dr. Luis Piñeiro Amigo e Da. Flora Barreiro Pérez."

Polo anteriormente exposto o xefe de Relacións Públicas e Protocolo formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Alcaldía-presidencia e mailos voceiros dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE, BNG e PG, Sres. Figueroa Vila, Pérez Mariño, Domínguez Olveira e Soto Ferreiro, respectivamente, prestan a súa conformidade a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: De conformidade co establecido no Regulamento de Honras e Distinción vixente, despois do falado na Xunta de Voceiros este Pleno vai decidir a concesión da Medalla da Cidade de Vigo.

No cincuenta aniversario do Hospital Xeral de Vigo a cidade quere rendir homenaxe a un centro hospitalario que ten sido referente nas vidas de centos de milleiros de vigueses. Todos, dun xeito ou outro, tivemos relación co Xeral e ademais ten sido en todas as ocasións unha relación na que a vida, a enfermidade, a esperanza e mesmo a morte estivo presente.

O seu cincuenta aniversario é unha magnífica oportunidade para recoñecer no Xeral a parte de nós mesmos que hai nel e a dos vigueses e viguesas que quedan por vir, así como a dos milleiros de traballadores que pasaron por el.

Por iso a Corporación Municipal de Vigo outorga ó Hospital Xeral a súa máxima distinción, a Medalla da Cidade que con orgullo levan persoeiros e institucións que se teñen destacado de xeito absolutamente extraordinario na vida e no acontecer de Vigo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder a MEDALLA DA CIUDADE, Reconquista 2005, ao Hospital Xeral de Vigo, actualmente Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, CHUVI, en consideración a súa longa traxectoria a prol da saúde dos cidadáns de Vigo e bisbarra, a súa enorme dedicación profesional de todos os traballadores e traballadoras desta institución hospitalaria, lembranza aos milleiros de

enfermos atendidos nas súas instalacións e asemade en consideración á continuidade ininterrompida da súa actividade.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e doce minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.